

## Cursos de linguaxe administrativa galega e CELGA 2017-2018



A **Resolución do 03 de agosto de 2017** (DOG do 17 de agosto) convoca, con **carácter gratuito**, cursos de linguaxe administrativa galega (LAG) e cursos preparatorios para a obtención dos certificados de lingua galega (CELGA), que se realizarán en distintos períodos e en varias escolas oficiais de idiomas (EOI) de Galicia **Prégase ler o texto completo da convocatoria e consultar os requisitos e a documentación requirida.**

### **Cursos de linguaxe administrativa (LAG):**

- **Nivel medio e superior, presenciais e en liña.**
- **Dirixidos preferentemente aos empregados/as públicos/as das administracións que se sinalan na resolución.**

### **Cursos preparatorios CELGA:**

- **Dirixidos a maiores de 16 anos**

## **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

- Deberase cubrir o correspondente formulario de inscrición telemática no enderezo que se indica na referida resolución.
- O prazo de solicitudes abranguerá:

Dende o día 1 ata o 10 de setembro de 2017 para os cursos do primeiro cuadrimestre (outubro-xaneiro)

Dende o 2 ata o 11 de xaneiro de 2018 para os cursos do segundo cuadrimestre (febreiro-maio)